

# Contra o roubo do aforro galego

O anuncio que confirma a desaparición de Novagalicia Banco (NGB) deixa ao descuberto as mentiras e incapacidade do Goberno do PP e de Núñez Feijoo.

## **Cartos públicos para vender Novagalicia Banco**

Desgrazadamente o peor escenario vén de ser confirmado. Galiza perderá o único instrumento de seu, produto do aforro esforzado de xeracións de galegas e galegos para ser entregado, a custe cero e por riba con diñeiro público a maiores, a un banco privado sen arraigo na Galiza.

O desastroso final que se avexiña para NGB demostra o fiasco da política económica de Feijoo e do PP para Galiza. Os miles de millóns de diñeiro público para as entidades financeiras son sufragados con recortes sociais en servizos públicos básicos. A maiores, os bancos empregan ese diñeiro público para si mesmos, para as indemnizacións dos seus directivos e manteñen pechado a cal e canto o crédito para as pequenas e medianas empresas e a maioría das familias.

Agora, co diñeiro dun rescate que pagamos todos e todas, NGB recibirá 5.425 millóns para ser vendida, co que finalmente eses cartos públicos irán a parar a un banco de fóra de Galiza.

## **A estafa das preferentes**

Ademais, tamén levará de regalo miles de millóns de pequenos aforradores, aos que se lles expropiará sen dereito a protestar entre o 30 e o 70 por 100 do que depositaron, enganados, en participacións preferentes.

## **Despedimentos de traballadores e peche de oficinas**

Esa contribución que nos imponen suporá, para máis agravio, tanto destrución de empregos como peche de servizos na Galiza. É inmoral que se dea diñeiro público coa condición de despedir a máis de 2.500 persoas que viven do seu traballo, así como para pechar miles de oficinas que agravarán aínda máis o deterioro de servizos en moitos concellos e vilas rurais de Galiza.

## **Hai responsábeis políticos**

Todo isto ten un responsábel: o Presidente da Xunta de Galiza Núñez Feijoo, que prometeu unha caixa de aforros galega e solvente.

Non foi quen de mantela como caixa, e agora someténdose á política que o PP dita en Madrid, asiste incapaz e sen erguer a voz á entrega final de NGB a outra entidade financeira allea ao país. Feijoo consentiu o deseño feito polo Goberno central, tamén do PP, do Banco de España e da Unión Europea, encamiñado a destruír as pequenas entidades de aforro para reforzar o poder da grande banca privada.

## **Non ao espolio do aforro galego.**

**Os buratos da banca que os paguen os banqueiros**

